



MOCIÓN DE APOIO Á PLATAFORMA GALEGA POLO DEREITO AO ABORTO DA CORUÑA

A Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto da Coruña entregou o 20 de xullo do ano 2015, no rexistro do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, un escrito dirixido á súa xerencia e ás directoras médica e de enfermaría, no que describía:

- Como debería de ser a atención ás mulleres que teñen un aborto no 2º trimestre da xestación, segundo os protocolos internacionais (Conferencia Internacional sobre Poboación e Desenvolvemento, O Cairo 1994 e a revisión posterior en Nova York 1999).
- Como non se estaban a cumprir os mínimos que marcan os protocolos, polo que instaba ás autoridades responsábeis a que tomasen as medidas oportunas para garantiren unha atención integral e de calidade na atención ás mulleres que precisaban un aborto no 2º trimestre do seu embarazo. Despois de case sete meses sen resposta da Administración, esta Plataforma fixo unha denuncia ante os medios de comunicación, concentrándose diante do CHUAC, na que rexistraron centos de escritos que instaban as autoridades sanitarias a adoptaren un protocolo que garanta a atención especializada ás mulleres. Nos días posteriores á mobilización, foron moitos os testemuños de mulleres que denunciaron violencia obstétrica non só na área sanitaria da Coruña, senón noutros puntos do país.

Por estes motivos, o Pleno da Deputación da Coruña ACORDA

1. Instar o SERGAS á apertura dunha investigación respecto de cal foi a atención prestada ás mulleres que precisaron dun aborto de máis de 14 semanas por causas médicas, tanto aquelas que tiveron o expulsivo (parto) na habitación de ingreso, como as que foron derivadas a un centro privado de Madrid. 69
2. Demandar que as mulleres dispoñan dunha atención axeitada, tal e como recollen os protocolos internacionais, garantindo a mesma atención que nun parto (indución, expulsivo e atención posterior en sala axeitada, con posibilidade de anestesia epidural e cuidados de profesionais de xinecoloxía e matrona), incluído o apoio emocional á muller durante todo o proceso, tendo en conta as súas necesidades, inquedanzas e desexos para poder abordar de xeito integral a súa saúde física e psíquica.



3. Esixir que se doten os Concellos do rural (A Laracha, Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cabanas, Camariñas, Carballo, Cee, Cerceda, Coirós, Corcubión, Coristanco, Culleredo, Curtis, Dumbría, Fisterra, Irixoa, Malpica, Miño, Muxía, Oza - Cesuras, Paderne, Ponteceso, Sobrado dos Monxes, Vilarmaior, Vilasantar, Vimianzo e Zas) de profesionais de xinecoloxía no centro de orientación familiar de referencia (dado que dende xaneiro de 2013 non se cubre a praza do COF do Ventorrillo), para garantirilles a atención dos dereitos sexuais e reprodutivos ás mulleres destes trinta Concellos.
4. Instar a creación de dous centros de referencia no país para a atención da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE), un na zona norte e outro da zona sur, con persoal sanitario especializado, co obxecto de garantir a execución dos protocolos internacionais sobre os Dereitos Sexuais e Reprodutivos -recoñecidos como dereitos humanos- na rede pública de saúde galega.
5. Garantir que as mulleres teñan unha atención integral do aborto nos hospitais públicos, sen que o seu dereito estea subordinado a criterios ideolóxicos como o da obxección de conciencia